

eu

ti

vós

el / ela

nós

eles / elas

me

conosco

comigo

se

conosco

te

che

nosotros, -as

o / a / os / as

nos

lle / lles

vós

vostede, -s

OS PRONOMES PERSOAIS


Os pronomes persoais. Definición

- Os pronomes persoais designan os participantes do discurso e o obxecto do mesmo e teñen flexión de xénero, número e persoa. Así, a primeira persoa identifícase co emisor, a segunda co receptor e a terceira coas entidades á que estes fan referencia e que constitúen o obxecto do discurso.

Os pronomes persoais. Tipos

- Diferéncianse dous tipos de pronomes persoais segundo a tonicidade e a función sintáctica que desempeñen no enunciado:
 - Tónicos
 - Átonos

- **Tónicos:** constitúen grupo fónico por si mesmos e poden ter funcións distintas segundo vaian acompañados ou non de preposición.
- Con preposición: complemento directo, indirecto, suplemento, complemento circunstancial, complemento axente.
- Sen preposición: suxeito, atributo.

- 
- **Átonos:** carecen de acento e precisan dunha palabra tónica, polo xeral dun verbo. Cumpren as funcións de complemento directo ou indirecto e de marcadores da pronominalidade verbal.

Diferenzas entre pronomes tónicos e átonos

PRONOMES TÓNICOS	PRONOMES ÁTONOS
Teñen acento propio	Carecen de acento propio e apoian a súa pronuncia no verbo en próclise ou énclise
Son elementos autónomos, comportándose como os nomes propios.	Presupoñen outra palabra (o verbo) da que son verdadeiros morfemas
Poden ser Termo de frases preposicionais	Non poden formar parte das frases preposicionais.
Como constituíntes de fr. subst. ou prep. poden realizar practicamente todas as funcións sintácticas, suxeito, CD, CI...	Teñen importantes restricións funcionais: CD, CI e atributo.
Reciben a incidencia dalgúns Modificadores	Non admiten ningún tipo de modificador
O pron. tónico pode resultar redundante, especialmente en función de suxeito, dado que a persoa gramatical vén indicada no correspondente morf. verbal. En caso de sincretismo entre a 1ª e 3ª persoa o uso do pronome pode acadar valor diacrítico: <i>ela /eu choraba</i>	Normalmente vén esixido pola estrutura do predicado.

Formas

NÚMERO	PERSONA	SUJEITO	FORMAS OBLÍCUAS			
			LIBRES		LIGADAS	
			NON REFLEXIVAS	REFLEXIVAS	NON REFLEXIVAS	REFLEXIVAS
SINGULAR	1ª	EU	MIN		COMIGO	
	2ª	TI, VOSTEDE		CONTIGO		
	3ª	EL, ELA	SI	----	CONSIGO	
PLURAL	1ª	NÓS, NOSOUTROS, -AS		CONNOSCO		
	2ª	VÓS, VOSOUTROS, -AS, VOSTEDES		CONVOSCO		
	3ª	ELES, ELAS	SI	----	CONSIGO	

- O pronome persoal tónico é núcleo da frase substantiva, isto é, pode desempeñar a mesma función sintáctica ca un substantivo.
- Os que funcionan como suxeito e atributo son as formas rectas, que non levan preposición: *eu, ti, el / ela (vostede), nós (nosoutros,-as), vós (vosoutros,-as), eles / elas (vostedes)*.
 - **Suxeito:** *eu* escoitaba o que dicían e calaba
 - **Atributo:** *a que mellor canta de todos es ti.*

- Como complemento funcionan as formas oblicuas, que precisan de preposición: *min, ti, el / ela (vostede), nós (nosoutros,-as), vós (vosoutros,-as), eles / elas (vostedes)*.
- Cando se pretende designar unha acción reflexiva débese empregar *si* para a terceira persoa e para a segunda de cortesía:

C. directo: *convocouno a **el** para o partido de mañá.*

C. indirecto: *non sabía que lles concederan a **eles** o primeiro premio.*

C. circunstancial: *cando actuaran **connosco** aínda non eran tan coñecidos.*

Suplemento: *despois de dar con **ela** xa non a volveu soltar en toda a noite.*

C. exemplo: *o manifesto foi lido por **vosoutros***

- A forma oblicua tamén se debe empregar nas comparativas, cando o segundo termo é un pronome. Vai precedida das conxuncións ca ou coma, segundo sexa comparativa de superioridade, de inferioridade ou de igualdade.

Rema moito máis rápido ca min

Ten tanto mérito coma vós.

Pronome persoal de 3ª persoa. Contraccións

O pronome persoal de terceira persoa (el, ela, eles, elas) contrae

coas preposicións DE e EN

	EL	ELA	ELES	ELAS
DE	DEL	DELA	DELES	DELAS
EN	NEL	NELA	NELES	NELAS

- Exemplos:

- *Lémbreste **del**?*
- *Sentiu os labios **dela** que se pousaban nos seus.*
- *E os vellos nin sequera se lembrarán **deles**.*
- *Residirá **neles** o segredo?*

Pronome persoal átono. Formas

NÚMERO	PERSONA E XÉNERO		Complemento Directo		Complemento Indirecto
SINGULAR	1ª		me		
	2ª		te		che
	3ª	MASC.	o / lo / no	se	lle
		FEM.	a / la / na		
PLURAL	1ª		nos		
	2ª		vos		
	3ª	MASC.	os / los / nos	se	lles, se
		FEM.	as / las / nas		

Pronome persoal átono

- O pronome persoal átono precisa doutro elemento lingüístico en que se apoiar porque por si mesmo non forma grupo fónico.
- Normalmente este elemento é un verbo.

Pronome persoal átono

- Adoita funcionar como complemento indirecto e directo ou como marcador das formas pronominais do verbo, ben sexa con carácter reflexivo, recíproco ou impersoal.
- Para designar a **primeira persoa** empréganse as formas *me* (singular) e *nos* (plural) como complemento indirecto, directo ou para a forma pronominal do verbo:

C. indirecto: *xa **me** trouxeron o aparello novo.*

*Xa **nos** trouxeron o aparello novo.*

C. directo: *Paco chamou**me** o luns.*

*Paco chamou**nos** o luns.*

Pronominal: *Sempre **me** ducho antes de almorzar.*

*Sempre **nos** duchamos antes de almorzar*

- A segunda persoa presenta dúas formas de singular: *che* para o dativo(C.I.) e *te* para o acusativo (C.D.) e o pronominal. O plural só presenta a forma *vos*:

C. indirecto: *xa **che** trouxeron o aparello novo.*

*Xa **vos** trouxeron o aparello novo.*

C. directo: *Paco chamoute o luns.*

*Paco chamou**vos** o luns.*

Pronominal: *Sempre **te** duchas antes de almorzar*

*Sempre **vos** duchades antes de almorzar.*

Pronome persoal átono: te / che

- **TE:** fai función de complemento directo:

Coñecinte pola voz.

Se non me dás o que levas tírote no río.

Aínda que corras heite coller.

- **CHE:** fai función de complemento indirecto.

- Compara os seguintes exemplos cos anteriores:

Coñecinche o coche polas rodas anchas.

Se non me dás o que levas tíroche os pantalóns ó río.

Aínda que corras heiche coller a pelota.

Te: C.D. / che: C.I.

- Esta é a solución do galego común ou estándar. Pero hai zonas de Galicia que non distinguen as distintas funcións de TE e CHE dando lugar ós seguintes fenómenos:
- **TEÍSMO:** é a variante dialectal segundo a cal se usa TE para obxecto directo e mais para o indirecto:
 - Coñecinte pola voz*
 - *Coñecinte o coche polas rodas anchas.*
- **CHEÍSMO:** é o uso de che para as dúas funcións:
 - *Coñecinche pola voz.*
 - Coñecinche o coche polas rodas anchas.*
- Para os teístas e cheístas pode resultar práctico decatarse do paralelismo do uso das formas **te** e **che** coas correspondentes **o/a** e **lle** do pronome persoal átono de terceira persoa:
 - Te == o/a *coñecinte pola voz* == *coñecino / coñecina pola voz.*
 - Che == lle: *coñecinche o coche* == *coñecinlle o coche.*

- A **terceira persoa** presenta un paradigma máis amplo. A forma que cumpre a función de C. Indirecto é *lle* para o singular e *lles* para o plural. No directo márcase a diferenza de xénero, e presenta as formas *o, a, os, as*, cos seus alomorfos *lo, la, los, las* e *no, na, nos, nas*. Para marcar o verbo pronominal está a forma *se*, tanto para singular como para plural:

C. indirecto: *Xa lle trouxeron o aparello novo.*
Xa lles trouxeron o aparello novo.

C. directo: *Paco chamouno o luns.*
Paco chamounos o luns.

Paco non os/as chamou o luns.

Paco pensou en chamalo.

Pronominal: *sempre se ducha antes de almorzar.*
sempre se duchan antes de almorzar.

Pronome persoal átono de 3^a persoa

- **O/lo/no, coas súas variantes de xénero e número, son variantes do pronome átono de terceira persoa para o obxecto directo.**

- **1^a Forma: o/a/os/as:**

Non o dubidou.

Quéreas agora mesmo.

- **2ª Forma: lo/la/los/las:** emprégase:

- Cando vai enclítico logo dunha **forma verbal rematada en –s ou en –r:**

Debías convidalo a almorzar (convidar).

Céibalo ou non o ceibas? (ceibas).

- Despois dos pronomes átonos de obxecto indirecto **nos, vos, lles:**

Non nolo digas.

Contóuvolo moi polo miúdo.

Non llelas quixo dar.

Quíxollelo dar pero xa marcharan.

- Despois do adverbio **u** (interrogativo: onde está...?)
O circo, ulo?

● **3ª Forma: no/na/nos/nas: emprégase:**

- Tras as formas rematadas en **ditongo:**

Invitouno a pasar pola recepción

Colleuna pola cintura e bicouna.

- Tras as formas verbais rematadas en **-n** (as terceiras persoas de plural).

Nestes casos o verbo perde o **-n**, razón pola que soamente rexistraremos o **n** do pronome.

Invitáronas a pasar pola recepción..

Collérono pola cintura

-
-
- **NOTA:** *É importante que vos fixedes ben no que acabamos de dicir, porque do contrario estariades a construír frases erróneas.*

Reparade:

- **Colléronos** *polas orellas (colleron os coellos)*
 - **Colléronnos** *polas orellas (a nós)*
-
-

Pronome pessoal átono 3^a

persoa

CONCORRENCIA DOS PRONOMES DE DATIVO CO ACUSATIVO DE TERCEIRA PERSOA.

Acusativo Dativo	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	noles	nolas
vos	volo	vola	volos	volas
lles	llelo	llelo	llelos	llelas

pronome

O DATIVO DE SOLIDARIEDADE.

- Mediante o dativo de solidariedade o emisor implica o interlocutor nos feitos que refire, procurando maior proximidade afectiva entre este, a mensaxe e el mesmo.

*Fun falar co director e dixéron**ch**eme que non estaba.*

*Os percebes ándan**l**les escasos.*

*Ten**ch**e aires de grandeza o concelleiro ese*

*Eu non **l**le sei quen gañará, señor.*

Dativo de solidaridad.

Formas

	Singular	Plural
Tratamiento familiar	che	vos
Tratamiento cortesía	lle	lles

Dativo de interese

- O dativo de interese é unha forma pronominal átona que indica o beneficio ou prexuízo sentido por un axente alleo á estrutura oracional.
- É compatible co CI e co dativo de solidariedade.
- Presenta as mesmas formas ca o pronome de compl. indirecto.

Deus (me) lle dea saúde, meu señor.

Valores do SE

- **Valor reflexivo:** O pronome, en función de CD, ten o mesmo referente ca o suxeito.

Vestiu-se na casa.

- **Valor recíproco:** Dáse cando dúas ou máis persoas realizan unha acción que reciben mutuamente:

Os noivos bicáronse.

- **Pasiva impersoal ou pasiva reflexa:**

Construción pasiva formada polo pronome SE + un verbo en voz activa (3ª persoa do sg. Ou do pl.) que concorda co suxeito paciente:

Véndese casa.

Nesta cidade constrúense moitos edificios.

- ***Activa impersoal con SE: construción sen suxeito na que o verbo está inmovilizado en 3ª persoa do singular.***

Na clase falouse da sida

● Algunhas construcións da activa impersonal son:

- Verbo transitivo + CD: *Auxiliouse aos feridos.*
- Verbo transitivo sen CD: *En Galicia lese pouco.*
- Verbo intransitivo: *Aquí trabállase arreo.*

Algunhas particularidades

- Certos verbos en galego poden admitir construcións con pronomes átonos de CD ou de CI. De acordo con isto:

- Algúns verbos como *aconsellar, aprender, avisar, axudar, morder, perdoar, roubar, tocar,...* admiten un compl. de persoa e outro de cousa:

Aconselloulle que non fose / aconsellouno ben

- Nalgúns verbos, como bater, chamar, ensinar, imitar, pegar, querer, servir..., a escolla entre dativo e acusativo implica unha diferenza de significado:

Imítalle (“párese a el / ela”) / imítao (“fai coma el”)

Serviulle (“foille útil”) / serviuno (“atendeuno”)

- Non son posibles en galego construcións reflexivas nas que a acción se exerza unicamente sobre unha parte do suxeito:

**Laveime as mans*, no canto de *Lavei as mans*.

- Algúns verbos como *afogar(se)*, *comportar(se)*, *dar(se)*, *despedir(se)*, *fixar(se)*, *laiar(se)*, *manifestar(se)*, *ocorrer(se)*, *parecer(se)*, *ter(se)*... poden admitir ou non a forma reflexiva, mais a escolla entre unha e outra implica certa diferenza de significado:

Afogar: *morrer por submersión involuntaria na auga.*

Afogarse: *matarse somerxéndose na auga.*

Colocación do pronome persoal átono

- O pronome átono pode aparecer posposto (enclítico) ou anteposto (proclítico) ao verbo dependendo de diversas circunstancias. A posición non marcada é a enclítica. Polo tanto, cando non hai ningún elemento lingüístico que obrigue ao contrario, nas oracións simples, o pronome vai posposto ao verbo:

*Déixao **aí**.*

*Dixéches**llelo**?*

*Agradába**a** sentado nun banco da alameda.*

*Chegouche**e** con ese prato de comida?*

Así e todo, o pronome antepónese ao verbo, é dicir vai proclítico:

- En enunciados negativos. Cando un elemento tónico con significación negativa se sitúa diante do verbo posibilita a proclise sempre que constitúan un grupo fónico:

*Non **llo** deixarei*

*Nunca **llelo** pedín*

*Ninguén **me** dixo que hoxe había cea de empresa.*

- Pero ...

*Non, **fíxeno** pola miña conta*

- Nas interrogativas e exclamativas que vaian introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos ou exclamativos:

Que lle contaches?

*Que ben **che** senta!*

- Nas cláusulas subordinadas:

Meu irmán aseguroume que o había intentar

Cando nos matriculamos xa non quedaban prazas para elixir esa materia.

Se me chama Pedro dille que non estou na casa.

Regaláronlle a moto porque a precisaba para ir ao instituto.

- Nas oracións enfáticas nas que o elemento inicial (suxeito) adquire relevancia:

*Vós **o** quixestes.*

- Cando se dá unha orde non lineal dos elementos da oración ao antepoñer o complemento directo ou outro sintagma que non adoite ocupar esa posición:

*Ganas **che me** deron.*

*Cousas fermosas **Ile** regalaron.*

*Ben **se Ile** notan os anos.*

- Certos indefinidos, ao non permitiren pausa forzan a próclise do pronome átono: *algo, alguén, ambos, bastante, calquera, entrambos, mesmo, todo, ningún nada, ningún:*

*Calquera **Iles** di nada.*

*Alguén **cho** ten que confirmar.*

*Algo **me** teñen dito dun novo dicionario.*

- Os indefinidos **cada**, **certo** e **varios** esixen a enclise do pronome.

Cada rapaz fíxoche un traballo.

- O resto dos indefinidos soen orixinar pausa tras si e fan que o pronome vaia enclítico ao verbo; así e todo (menos frecuentemente) pode non haber pausa e o pronome aparece proclítico, especialmente no caso das formas que teñen carácter adverbial. Estes indefinidos son: *algún*, *outro*, *un*, *os máis*, *os demais*, *máis*, *menos*, *moito*, *pouco*, *tal*, *tanto*, *demasiado*, etc.

Os outros deputados abstivéronse na votación.

Os máis preferían da terra.

*Moito **che** teño traballado nesas obras.*

*Tanto **me** importa un coma outro.*

- Hai adverbios polisémicos que, dependendo do significado, provocan a enclise ou proclise do pronome:

Logo nos dan as notas. Agora nos dan as notas (“axiña”)

Logo dannos as notas. (“despois” ou “polo tanto”)

Agora dannos as notas (“neste momento”)

- Os adverbios *aquí, alí, aí* obrigan á anteposición do pronome cando se produce unha deíxe moito máis marcada e unha entoación enfática:

*Aí **che** queda o libro que me prestaches.*

COLOCACIÓN DO PRONOME CON INFINITIVO E XERUNDIO

- Nas perífrases verbais e grupos verbais con infinitivo ou xerundio o pronome pode acompañar o verbo auxiliar na posición que lle corresponda segundo as regras xerais ou pode ir co auxiliado en posición enclítica:

Quéreo vender antes do verán Non o quere vender antes do verán.

Quere vendelo antes do verán Non quere vendelo antes do verán.

Estaba coméndo Non o estaba comendo

Estába comendo Non estaba coméndo

- Se na perífrase verbal o auxiliar e o auxiliado están relacionados por medio dun nexo (preposición ou conxunción) o pronome pódese colocar tamén en posición proclítica respecto do infinitivo:

Haino que arranxar. Non o hai que arranxar.

Hai que arranxalo. Non hai que arranxalo.

Hai que o arranxar Non hai que o arranxar.

COLOCACIÓN DO PRONOME CON PARTICIPIO

- Na construción con participio o pronome nunca pode ir enclítico:

Téñoche dito que ...

- Se aparece despois desa forma infinita, non vai enclítico a ela, senón proclítico ao verbo principal:

*Sorprendido **me** deixaches.*

As interpolacións

- Consiste na colocación de certos elementos entre o pronome persoal – en posición proclítica- e o verbo.

Estes son algúns dos casos posibles:

- Interpolación do pron. Suxeito entre o átono e o verbo.

*O que che **el** conte non ten valor ningún*

- *Interpolación de adverbios ou de elementos con función de Compl. Circunstancial*

*Se che **nunca** deran o carné!*

- Interpolación da partícula *non*

*Se me **non** contaran nada, estaría máis tranquilo*

- Interpolación de varios elementos

*Nestes tempos xa se **un non** pode fiar de ninguén*